

Ciencias Naturais: a materia e os seus cambios

Cambios físicos	Cambios químicos
A composición dos materiais non varía. Por exemplo: a auga pode estar en estado sólido, líquido ou gasoso pero segue sendo auga e ten a mesma composición.	A composición dos materiais varia. Por exemplo: a madeira, cando se queima, convértese en cinzas, que non son madeira. A súa composición cambiou.

1. Indica se os seguintes cambios son cambios físicos ou cambios químicos.

Exemplos de cambios	Cambio físico ou químico?
Cando o xeo se converte en auga	
Cando creamos figuras con plastilina	
Cando cociñamos carne	
Cando raiamos queixo	
Cando se derrete o xeador	
Cando metemos ao forno a masa dun biscoito	
Cando metemos a Coca Cola no conxelador e se conxela.	
Cando fritimos un ovo	
Cando queimamos un folio	
Cando rompemos unha pedra en anacos pequenos	
Cando enrugamos un folio	
Cando cortamos un folio	
Cando ferve a auga	
Cando queimamos madeira	

2. Observa o que escribiches en cada cambio do exercicio anterior e pensa:

Podemos recuperar a materia despois dun cambio químico? _____

Podemos recuperar a materia despois dun cambio físico? _____

3. Pon un exemplo de cambio físico e outro de cambio químico.
